

ANUNCIO

O Alcalde o día 09-06-2026 ditou a seguinte Resolución con número 345/2026:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE EDUCADOR/A SOCIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO

EXPEDIENTE: 2026/E002/000008

ANTECEDENTES:

Logo de ver o ficheiro FIE e o informe de datos para a cotización (IDC) de María Jesús S. C. con DNI ***9006**, traballadora familiar do Concello de Melide co código do posto 05.02.03, no que se indica que se atopa en situación de baixa IT dende o 27/05/2026.

Logo de ver a proposta da concelleira da área de Política Social de data 03/06/2025

Logo de ver a Resolución nº 454/2021 de data 11/08/2021 de asunto: “*Cumprimento da sentenza número 352 do 07/06/2021 do Xulgado do Social número 1 da Coruña de María Jesús Segade Conde*”, no que se acorda: “(...) *PRIMEIRO: Recoñecer a relación laboral de traballadora fixa de María Jesús S. C. con efectos de 6.8.2008, ao abeiro da sentenza número 352 do Xulgado do Social núm. 1 da Coruña número autos 0000088/2021 (...)*”.

Logo de ver as “Bases para a creación dunha bolsa de emprego de educador/a social para o Concello de Melide para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo”, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/05/2022 e publicadas na sede electrónica do Concello de Melide o 13/05/2022, en concreto na base 7.2 en relación ao procedemento para o nomeamento do persoal da bolsa.

Logo de ver a Resolución nº 304/2022 de data 09/06/2022 e asunto: “*Aprobación da bolsa de emprego de educador/a social para o Concello de Melide para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo*”, no que se acorda:

“*En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO: PRIMEIRO: Aprobar a seguinte bolsa de emprego de educador/a social para o concello de Melide para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo:*

NOME E APELIDOS	1º EXERCICIO OPOSICIÓN	2º EXERCICIO OPOSICIÓN	VALORACIÓN MÉRITOS	TOTAL
TRISTÁN F. C.	14	3,75	3	20,75
LORENA L. L.	11	2,50	7	20,50
MARÍA B. B.	13	3,50	3	19,50
NOELA B. P.	12	3	4,3	19,30

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 340/2026 de data 05/06/2026, asunto “SOLICITUDE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

DO CERTIFICADO EXISTENCIA DE CRÉDITO E INFORMES PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE EDUCADOR/A SOCIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO” (EXPEDIENTE: 2026/E002/000008).

Lgo de ver o “*Certificado de existencia de crédito en relación ao gasto do nomeamento derivado da bolsa de emprego de educador/a social do Concello de Melide para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo*”, Ref.:295M/2026 asinado pola interventora municipal de data 05/06/2026.

Logo de ver o informe favorable da técnica de Administración Xeral de data 08/06/2026 e asunto: “*CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE EDUCADOR/A SOCIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON DEREITO A RESERVA DE POSTO DE TRABALLO. EXPEDIENTE: 2026/E002/000008*”.

Logo de ver a dilixencia de Intervención con ref.: 297M/2026 de data 09/06/2026, no que se “*informa de conformidade por parte desta Intervención municipal o chamamento da bolsa de emprego de educador/a social (...)*”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: tendo en conta a urxencia da contratación, proceder ao chamamento de TRISTÁN F. C. con DNI ***0425** a través da bolsa de emprego para substitución por de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, en situación de baixa por incapacidade temporal, para a praza de EDUCADOR FAMILIAR con carácter laboral temporal co código do posto segundo a RPT do Concello de Melide 05.02.03, quen deberá manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá así mesmo presentar a seguinte documentación sinalada na base 3 e 8 no prazo de 4 días hábiles dende a recepción da notificación.

- a) Copia cotexada dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e da documentación acreditativa de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado CELGA 4 ou equivalente.
- b) Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (ANEXO IV)
- c) Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade. (ANEXO IV)
- d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
- e) Certificado de antecedentes penais negativo específico sobre delitos sexuais

f) Certificado de conta bancaria

g) Alta na seguridade social

Se dentro do prazo fixado, excepto casos de forza maior, non presenta a documentación ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria non poderá ser nomeado e ficarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que, de ser o caso, podería ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

SEGUNDO: notificar o presente acordo ao interesado.

TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, martes 9 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, mércores 10 de xuño de 2026.

Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.